

BOLETÍN 2 (27/03/2019)

XI CAMPIONATO PROVINCIAL DE ORIENTACIÓN PEDESTRE

VILANOVA DOS INFANTES, CELANOVA, 4 de Abril de 2019

ORGANIZACIÓN: Sección de Orientación do Club Peña Trevinca-Barco, Delegación Ourense da FEGADO (Federación Galega de Orientación) e Servizo Provincial de Deportes de Ourense (Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia).

COLABORA: Asociación Deportiva Limiactiva, Comunidade Veciñal de Vilanova dos Infantes e Concello de Celanova.

DATA: *Xoves 4 de abril de 2019.*

LUGAR: Localidade de Vilanova dos Infantes (Concello de Celanova). A **zona de concentración e Secretaría** estarán na Praza Maior (tamén chamada Praza de Víctor Ferro). A **Saída e Meta** estarán na **Praza do Recreo**, xunto á anterior. Os buses deixarán ao alumnado na entrada da Rúa de Celanova. **Haberá 2 váteres químicos a carón desta entrada, a disposición dos participantes.** O traxecto dos participantes ata a zona de concentración fárase a pé por esta rúa, seguindo o roteiro marcado por cintas de plástico. Os buses aparcarán onde indique a **Policia Local e Protección Civil**. **Antes de que lles corresponda competir, os participantes só poderán circular pola Rúa de Celanova até a Praza Maior.**

HORARIO:

- 10:30: **APERTURA DA SECRETARÍA NA PRAZA MAIOR DE VILANOVA DOS INFANTES (ENTREGA DE DORSAIS E PINZAS ELECTRÓNICAS).**
- 10:45: **BREVE EXPLICACIÓN DA CARREIRA.**
- 11:00: **SAÍDA DOS PRIMEIROS PARTICIPANTES.**
- **14:30:** **ENTREGA DE MEDALLAS E CLAUSURA.**

MODALIDADE: Carreira *Sprint* urbana. Modalidade de orientación en liña con saída individual contrarreloxo, na que o participante terá que pasar por todos os controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica marcada no mapa.

ATENCIÓN: Haberá moitos controis próximos, polo que é moi importante comprobar o código (número) de baliza. O tempo estimado para o/a gañador/a en cada categoría estará entre os 12 e 15 minutos, segundo indicacións da IOF do 1 de febreiro de 2019, **pero nesta proba pode ser inferior.**

TERREO E MAPA: Típico casco vello labiríntico cunha boa rede de rúas con pequenas prazas, innumerabeis recunchos e poucos detalles de vexetación. Mapa homologado a **escala 1:2000 (1 cm no papel equivale a 20 m no terreo)** con equidistancia de 5m, realizado por Martín Morales Ferreiro en **marzo** de 2019. Para unha aproximación, temos a disposición na web un croquis en 3D realizado para a romería Raigame (atención, orientado ao oeste, non ao norte como o mapa da proba) no seguinte enlace:

http://www.raigame.gal/wp-content/uploads/2018/05/2018_mapa_raigame.pdf

Na rúa do Recreo existen 4 canastros en liña. No mapa só aparece un que estaba no momento do cartografado. A día de hoxe están todos desmontados para a súa restauración. O día da carreira probablemente non estarán aínda recolocados no sitio.



O canastro que aparecerá no mapa está ao fondo. A dereita, exemplo de rampa a distinta altura.

Ao nordeste da Torre do Homenaxe haberá unha ruela cortada nos extremos por cinta de plástico, que non se poderá atravesar. No mapa aparecerá marcada cun enreixado morado. Esta terminantemente prohibido circular por ela, baixo risco de descalificación.



No mapa aparecerá marcada en morado unha rúa que estaba en obras cando se fixo o mapa (ver imaxe superior á dereita). Non é preciso pasar por ela para completar os percorridos. O día da proba se poderá transitar por toda Vilanova. Algun pequeno tramo estará cun pavimentado temporal de formigón a ras para permitir a realización da carreira. Se hai algun punto concreto en obras, estará delimitado por valados para evitar o acceso ao mesmo. Pode haber algunha tapa de alcantarilla que non sexa definitiva, estando tapada debidamente con madeiros suficientemente sólidos, ademáis de estar sinalizada cun conos, cara garantir ao máximo a seguridade dos participantes.

CATEGORIAS E PERCORRIDOS

As distancias, desniveis e número de controis **serán os seguintes:**

PERC.	CATEGORIAS	DISTANCIA	DESNIVEL	Nº CONTROIS
1	INFANTIL FEMININO (2005/06)	1,1 km	60	16
2	INFANTIL MASCULINO (2005/06)	1,1 km	60	16
3	CADETE FEMININO (2003/04)	1,2 km	80	18
4	CADETE MASCULINO (2003/04)	1,3 km	80	18

NORMAS DE COMPORTAMENTO:

- O alumnado terá que amosar un comportamento cívico en todo momento e coidar os lugares onde se desenvolva a competición. **O profesorado terá que supervisar ao alumnado ao seu cargo, colaborando coa organización na procura do seu comportamento cívico.**
- A Comunidade Veciñal de Vilanova dos Infantes cedeunos amablemente o uso da súa vila. Se queremos que nos deixen voltar usar o lugar para facer probas escolares, os participantes deben coidar o mobiliario urbano i evitar facer ruídos innecesarios. Lembrar que moitos habitantes son de idade avanzada.
- Os lugares de estancia terán que quedar limpos. O lixo botarase nos contedores habilitados ao efecto. Ollo a non tirar ao chan os restos de pegatinas dos dorsais e do pic-nic.
- Gardarase o debido silencio tanto na zona de prechamada, como na zona de saída, atendendo en todo momento ás indicacións dos organizadores, Protección Civil e Policía Local.
- **A competición desenvolveráse a nivel individual e gardando silencio. Haberá xuices auxiliares controlando os percorridos.**
- **Esta terminantemente prohibido traspasar calquera rúa cortada con cinta, ou espazo delimitado por valados, aos participantes en competición.**
- Antes de que lles corresponda competir, os participantes só poderán circular pola Rúa de Celanova até a Praza de Victor Ferro, **onde estarán atentos á prechamada e custodiados polo profesorado ou persoal acompañante responsable. Delimitarase un carril con cintas para o paso dos competidores en carreira polo centro da Praza Maior, onde estará ubicada unha baliza de espectador. Os participantes fóra de competición, só poderán traspasar as cintas da Praza Maior, con precaución e atentos á posible chegada dun competidor á carreira tratando de non interrumpilo, para dirixirse á zona de saída, cando reciban a súa prechamada nominal, cinco minutos antes da súa hora de saída. Por exemplo, se a súa saída é as 11:00, a prechamada será ás 10:55. Publicarase a listaxe de horas de saída 48 horas antes no evento da web da FEGADO.**

PREVENCIÓN DE RISCOS

O configuración urbana de Vilanova dos Infantes, correspondese cun típico burgo medieval. Esta circunstancia supón que atoparémonos con: ruas estreitas, canastros, rampas a distintas alturas, bordiños, pavimentos en pendente, e moitos outros elementos característicos no terreo. Esta situación obriga a estremar as precaucións. Ademáis pode haber algun pequeno tramo da carreira con obras sen finalizar. Neste caso adoptaranse distintas medidas para asegurar a integridade dos participantes, pregando encarecidamente que se sigan as indicacións que se relatan a continuación:


- **ATENCIÓN:** Os trazados dos percorridos están pensados para evitar zonas perigosas para os participantes. **Naqueles lugares onde pode haber obras en curso que afecten a parte do vial, botarese formigonarase a ras, e taparanse as bocas de alcantarilla con táboas que non abalen en caso de pisada. Estas últimas indicaranse con conos. En todo caso, pregase estremar a precaución se atopamos algun tramo con estas características e disminuir a velocidade.**
- **ATENCIÓN:** Pregase estremar as precaucións ao dobrar esquinas, aminorando a velocidade para evitar choques. **O mesmo consello debese aplicar naqueles viais máis estreitos, nos que podemos cruzarnos de fronte con outro participante. Debemos ceder o paso amablemente.**
- **ATENCIÓN:** Estremar o coidado cos pequenos cortados que se poden atopar nalgunhas zonas do terreo. **Moitos deles soen ser rampas de acceso a casas que se separan do vial principal, ou viais que se desdobran, creando a posibilidade de caídas a distintas alturas. Pregase estremar a precaución nestes casos e apartarse dos bordes.**
- **ATENCIÓN:** **Pode haber zonas do pavimento húmidas e con verdín.** En caso de choiva, disminuir a velocidade para evitar caídas, especialmente nas baixadas.
- A proba celebrárase nunha zona peonil sen tráfico de vehículos a motor, pero ocasionalmente pode aparecer algun ciclista ou peón (normalmente de avanzada idade). Lémbrese a todos os participantes que están obrigados a cumprir as normas de circulación vial.

SISTEMA DE CONTROL: Por medio de Pinza Electrónica ou **Pcard**, picando directamente na estación electrónica que hai en cada baliza, **esperando a que emita un destello e/ou un bip.** En caso de fallo do sistema Sportident haberá que picar coa pinza tradicional nas casiñas de reserva do mapa: R1, R2 e R3.

REGULAMENTO

- Os participantes entrarán na zona de concentración da Praza Maior antes das 10:45 h. Durante a competición, os participantes en espera para competir, non poderán invadir a zona de competición.
- Únicamente se permite o uso da búxola analóxica como elemento de apoio, xunto co mapa que se entregue na saída. Non esta permitido o uso de dispositivos electrónicos para orientarse. O mapa darásese a cada participante un minuto antes da súa saída.
- Non se permitirá a saída de corredores **sen o seu dorsal colocado no peito e ben visible.**
- É obrigatorio realizar o percorrido na orde indicada no mapa. *Balizas de distintos percorridos moi próximas. Ollo ao código da baliza!*
- **É obrigatorio pasar pola meta**, aínda que se produza o abandono, para que lle conste ao persoal da organización.
- Non esta permitido falar nin seguir a outros/as participantes.
- Haberá **xuices auxiliares** velando polo cumprimento das normas.
- Hai que respectar ás normas básicas de circulación vial.
- Todo competidor debe prestarlle axuda a outro competidor, se o ve lesionado.
- Na meta recolleraselle o mapa a cada participante á súa chegada. Poderanse retirar os mapas de cada centro, cando saia o derradeiro corredor.
- É recomendable que os participantes traigan unha muda para cambiarse.
- Os participantes deben respectar: a propiedade privada, o mobiliario urbano e non pasar por zonas prohibidas, **evitando os parterres.**
- **Non se poderá usar mapas da zona de competición en calquera formato, por parte de aqueles participantes fóra de competición. Apelase ao Xogo Limpo. ORIENTATE POR VALORES!!!**
- Calquer aspecto non recollido nas normas anteriores regularase a través dos correspondentes regulamentos da modalidade O-Pé da FEGADO, FEDO e IOF.

ACCESO Á ZONA DE COMPETICIÓN




A imaxe superior amosa o acceso desde a capital provincial.





A **Zona de Concentración** será na **Praza Maior (tamén chamada de Víctor Ferro)**. Os **WCs** estarán na zona de acceso. As zonas de **Saída e Meta** estarán onde aparece sobreimpresso un triángulo morado, na **Praza do Recreo** (ver en detalle na imaxe inferior).



Esquema da Zona de Concentración

Na imaxe podese ver: o Triángulo de Saída, a Meta, a Baliza de Espectador (39); e, ao sur da Praza Maior, a zona para o público e participantes fóra de competición.

VILANOVA DOS INFANTES, UN TESOURO HISTÓRICO

O desaparecido convento feminino de Santa María de Vilanova, acolleu entre as súas paredes ás infantas, fillas do rei Alfonso X O Sabio. Quizáis foi alí onde escoitaron por vez primeira, a famosa cantiga nº 100 do monarca-poeta, chamada: *Santa María, strela do día*.

<https://www.youtube.com/watch?v=UbwO5fw3LIs>

Co gallo da celebración do Xacobeo 2021, cumprírase o 800 aniversario do nacemento do rei Sabio, o que fai que nos fai lembrar que unha das variantes máis destacadas dos Camiños a Compostela, pasa por esta vila celanovense, seguindo a senda da antiga Via Nova.

Neste pequeno burgo medieval, asentado nun antigo castro, podese visitar o interesante Museo da Torre do Homenaxe (cunha maqueta en relevo da bisbarra) e o Centro de Interpretación do Gremio dos Zapateiros, no que poderemos percorrer a misteriosa cova de San Vivión, posiblemente unha antiga adega.



Todos os anos, o 17 de maio, coincidindo co día das Letras Galegas, celébrase en Vilanova dos Infantes a **Romaría Etnográfica Raigame**, declarada Festa de Interese Turístico. A través desta romaría preténdese dar a coñecer e pór en valor o núcleo medieval de Vilanova dos Infantes para potenciar o turismo cultural que leva a cabo o concello de Celanova, a través do **programa Celanova, un paseo pola historia de Galicia**.

Este programa lévase a cabo a través dun pequeno percorrido xeográfico no cal se visitan monumentos pertencentes a diferentes épocas históricas como son: o mundo castrexo de Castromao, a etapa alto-medieval de San Miguel, a riqueza baixo-medieval de Vilanova dos Infantes, o esplendor do barroco do Mosteiro de San Rosendo e o rexurdimento da lingua galega da Casa dos Poetas (cómpre recordar que na vila de Celanova, a 5 minutos de Vilanova dos Infantes, viviron dous grandes escritores como son Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro). ("Romaría Raigame - Inicio", 2017). A propia Vilanova é berce do tamén renomado escritor Mendez Ferrín, columnista habitual do Faro de Vigo.


Para máis información de carácter histórico e sobre a importante oferta cultural do Concello de Celanova para escolares: ruta Currosiana, Concertos didácticos do Orgao do Mosteiro, Casa dos Poetas, Castromao, etc...), consultar a web do concello:

<http://www.celanova.gal/index.php/turismo>

En primeiro termo a Praza do Recreo, detrás a Praza Maior



O sol nacente no equinoccio de primavera, asomando pola ábside da capela de San Miguel de Celanova, orientada ao leste.



Colabora:

Comunidade Veciñal de Vilanova dos Infantes

Atentamente

Xan M. Trigo Recarey

Director de Carreira

DELEGACIÓN OURENSÁ DA FEGADO-FEDO

Máis información actualizada en:

- <http://fegado.es/> <http://clubtrevincabarco.org/>